

Representantes da CIG-Ensino e do resto de sindicatos do ensino concertado entregan máis de 5.600 sinaturas para esixir melloras laborais

Os representantes da CIG-Ensino e de todos os demais sindicatos do Ensino Concertado (FSIE, FeSP-UGT, CCOO Ensino e FEUSO) continúan coas súas accións reivindicativas ante a falta de resposta por parte da Xunta ás súas peticións. O 25 de abril concentráronse ante a Consellería de Educación e entregaron por rexistro 5.620 sinaturas recollidas entre o persoal docente para esixir unha negociación sobre as súas condicións laborais. Ademais fixeron entrega dun escrito solicitándolle unha reunión ao conselleiro de Educación coa finalidade de desatascar o inmovilismo do seu departamento e de buscar solucións para o sector.

O día 4 deste mes xa se solicitou por escrito no rexistro da Consellería a convocatoria da Comisión Tripartita do Ensino Privado Concertado (CTEPC) e o silencio segue sendo a única resposta da administración até o de agora. Por iso, os sindicatos volveron á rúa para facer escoitar as peticións dos **máis de 7.000 traballadores e traballadoras deste sector en Galiza**, que levan **8 anos** perdendo salario e dereitos.

Entre os principais temas que se queren tratar na mesa de negociación están as seguintes:

- **Acordo Mantemento de Emprego** (non existe un **AME** desde setembro de 2009), o cal entendemos indispensable para o mantemento dos postos de traballo ante unha situación de perda de unidades. Á Consellería non lle suporía incremento no gasto, ou este sería mínimo.



- **A (PEA), Paga Extraordinaria de Antigüidade de 25 anos na empresa** non é aboada desde o derradeiro acordo en novembro de 2010, sendo **Galiza a única comunidade autónoma do Estado que non a paga**, dereito recoñecido por xurisprudencia reiterada.
- Negociación da revitalización do **Acordo Plurianual de 24 de abril de 2008** sobre condicións laborais e de calidade do ensino, suspendido en 2010 co inicio dos recortes, quedando pendente unha revalorización do 2% do Complemento Retributivo Autonómico e de 45 € por xornada completa. Este acordo foi asinado co bipartito, aprobado en Consello da Xunta e publicado no DOG o 30 de maio de 2008.
- **Recorte do 5% no salario realizada en 2011** vía Lei de Orzamentos que se consolidou nas nóminas das traballadoras e traballadores do ensino concertado afectando á súa base de cotización. Posteriormente

outro recorte do **4,5%** en 2012, que tamén se consolidou rebaixando as bases de cotización cando o RD 20/2012 recollía claramente que non podía afectar ás bases. Non é o mesmo quitar unha paga extra que facer unha rebaixa do salario con efectos retroactivos consolidándose en nómina e afectando á base de cotización do/a traballador/a. Posterior recorte do Complemento Retributivo Autonómico en 2013.

- **A Consellería só paga dous complementos de cargo,** a dirección e a xefatura de estudos, incumprindo a súa propia lexislación porque non abona o complemento por ser coordinador/a do equipo de dinamización lingüística, dereito económico recollido no RD 79/2010 do Plurilingüismo tanto para o persoal do ensino público como para o persoal da concertada.

Tendo en conta esta situación, cunha recuperación macroeconómica da que tanto fala o goberno da Xunta de Galiza, que non perciben aínda as traballadoras e os traballadores, entendemos que é o momento de abordar desde a responsabilidade estas cuestións, empezando

por eliminar na próxima Lei de Orzamentos para o ano 2019 o parágrafo terceiro do artigo 53.2 e a disposición adicional novena. Esta eliminación posibilitaría empezar a negociar un acordo de abono da PEA ou un calendario de recuperación e de equiparación salarial, así como un novo Acordo de Mantemento do Emprego e o abono do complemento de coordinador/a do equipo de dinamización lingüística, sen esquecer a posibilidade de facer unha modificación do regulamento de funcionamento da CTEPC para



que sexa unha verdadeira mesa de negociación. Se non se conseguen avances significativos, as OOSS teñen previstas outras accións máis contundentes, sen descartar a posibilidade de paros no sector.



OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal